

# Luou Merece Máis!



Eloi Devesa, candidato á Alcaldía

## Luou

### O que urxe facer...

*O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren a veciñanza asentadas nas zonas rurais, son causa importante do freo ao progreso integral de Teo.*

*Ante esta situación, **desde o BNG queremos implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade.** Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.*

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

## Porque Teo merece máis, en Luou

- ▶ Prestaremos especial atención ao coidado, asfaltado e mantemento das estradas da parroquia, nomeadamente no lugar da Igrexa e no acceso á Despensa, por ser a única tenda da parroquia; negociando coa Deputación as medidas para reducir a súa perigosidade.
- ▶ Investiremos na restauración e conservación de muíños e rutas, mais tamén das aldeas, para evitar a destrución daquilo que os fai espazos senlleiros.
- ▶ Promoveremos un proxecto para desenvolver os parques e lugares de ocio na contorna da Igrexa, onde tamén se encontra o teleclub.
- ▶ Examinaremos a posibilidade de habilitar novos camiños e promoveremos o desbroce e a limpeza de camiños tradicionais; buscando poñer en valor aqueles de especial significado para a parroquia, nos que se atopen fontes, lavadoiros e demais elementos do patrimonio cultural.
- ▶ Fomentaremos a realización de actividades de socialización e lecer apoiando ao asociacionismo cultural da parroquia.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante para que Luou avance** con Teo.

# Máis Concellos BNG!

O BNG presenta unha candidatura formada por persoas competentes, ilusionadas, que teñen a cabeza e o corazón en Teo.

Nesta candidatura unimos a xuventude, temos o candidato máis novo, coa competencia e experiencia dos demais membros.

Unha nova xeración disposta a darlle vida a Teo, con propostas, con iniciativas pero tamén con preparación e capacidade técnica e política para resolver os problemas que vaiamos atopando no camiño.

O noso contrato é co pobo de Teo.

Traballaremos arreo para non deixar a ninguén atrás, a cidadanía orgullosa de ser deste concello debe ser o motor no que sustentemos os cambios e melloras nas que cremos e que o BNG vén demostrando por Galiza adiante que é posible crer. Só precisamos que vos apunteades ao reto.



UN  
NOVO TEO

PARROQUIA  
A PARROQUIA

LUOU